

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

RESOLUCIÓN do 25 de febreiro de 2026 pola que se convoca o Programa de avais para a adquisición de vivenda, e se dá publicidade ao convenio que se asinará entre este instituto e as entidades financeiras para a súa concesión para a anualidade 2026 (código de procedemento VI402B).

A Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, atribúe a este organismo autónomo a realización das políticas de vivenda e solo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao abeiro do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, o Instituto Galego da Vivenda e Solo implantou un programa de avais que inicialmente estaba dirixido ás persoas menores de trinta e seis anos que, posteriormente se ampliou ás persoas adquirentes dunha vivenda protexida, sen límite de idade.

O 19 de marzo de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 17 de marzo, pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de avais para a adquisición de vivenda, dáse publicidade ao convenio que se asinará entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e as entidades financeiras para a súa concesión e se procede á convocatoria do programa para o ano 2025 (código de procedemento VI402B).

No seo do Observatorio de Vivenda de Galicia, o 10 de febreiro de 2026 foi asinado polos representantes das entidades integrantes do pleno do citado observatorio o Pacto de Vivenda de Galicia 2026-2030. No devandito pacto recóllense as liñas de actuación pública en materia de vivenda para o período 2026-2030. A través deste pacto garántese a continuidade, entre outros, do Programa de avais para a adquisición de vivenda para este período.

En efecto, no programa 1 do eixe 2 da liña estratéxica 1 do pacto, que leva por rúbrica Acceso á vivenda, recoñece, dentro da acción 1, o acceso a unha vivenda en réxime de compravenda como unha demanda básica da sociedade no fomento da estabilidade persoal e familiar. Para fomentar o acceso á vivenda en propiedade o Pacto recolle os mecanismos que posibilitan o acceso ao financiamento a través dos acordos con entidades financeiras para posibilitar a subrogación nos préstamos promotores das vivendas de promoción pública, mediante avais para o acceso a unha vivenda protexida e tamén para as persoas menores de trinta e seis anos que adquiren a súa primeira vivenda e o establecemento de incentivos fiscais.



Considérase, polo tanto, que debe continuarse con este programa coa finalidade de facilitar o acceso á vivenda ás persoas que teñen capacidade de pagamento dunha cota hipotecaria, pero que non dispoñen do importe económico necesario para facer fronte ao pagamento inicial non cuberto polo préstamo hipotecario que, con carácter xeral, supón o 20 % deste.

A Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, dispón o seguinte no punto sete do artigo 42: «Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 44 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, autorízase o Instituto Galego da Vivenda e Solo para conceder avais, por un importe máximo de cinco millóns de euros (5.000.000 €), con destino á compra da primeira vivenda por menores de trinta e seis anos, ou á compra de vivenda protexida sen límite de idade, cun límite máximo do 20 % do prezo da compravenda, polo tempo necesario para amortizar o importe avalado durante os primeiros anos da vixencia do préstamo, coas características e coas condicións establecidas no programa que aprobe o instituto mencionado».

Na xuntanza do Consello de Ministros que tivo lugar o 23 de decembro de 2025 aprobouse o Acordo polo que se autoriza a Comunidade Autónoma de Galicia para conceder garantías durante o ano 2026 a través dunha liña de avais do Instituto Galego da Vivenda e Solo por un importe máximo de cinco millóns de euros.

En virtude do anterior, por medio desta resolución procédese a convocar para a anualidade 2026 o Programa de avais para a adquisición de vivenda, o cal permite garantir ata o 20 % do prezo de adquisición da vivenda ou, se é o caso, do seu valor de taxación, se este é inferior, para aquelas persoas menores de trinta e seis anos que pretendan adquirir a súa primeira vivenda e, sen límite de idade, cando se trate da adquisición dunha vivenda protexida, sempre e cando contén cun crédito hipotecario por un importe que cubra, cando menos, o 80 % restante.

Así mesmo, a través desta resolución dáse publicidade ao convenio que asinarán o Instituto Galego da Vivenda e Solo e as entidades financeiras para a concesión destes avais.

Esta resolución establece, como único sistema de presentación das solicitudes para a concesión do aval, a presentación electrónica a través da sede electrónica da Xunta Galicia, ao ir dirixida a colectivos que teñen acceso e dispoñibilidade aos medios electrónicos para relacionarse electronicamente coas administracións públicas.



De conformidade con todo o anterior, no exercicio das facultades que me confire o artigo 4 do Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

RESOLVO:

Primeiro. *Obxecto e réxime de concesión*

1. Esta resolución ten por obxecto convocar o Programa de avais para a adquisición de vivenda para a anualidade 2026 (código de procedemento VI402B) e dar publicidade ao convenio a asinar entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) e as entidades financeiras para a concesión destes avais.

2. A concesión das garantías outorgadas en virtude desta resolución tramitarase polo procedemento de concorrencia non competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible previsto nesta convocatoria.

Segundo. *Bases reguladoras*

1. As subvencións deste programa rexeranse polas bases reguladoras contidas na Resolución do 17 de marzo de 2025, pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de avais para a adquisición de vivenda, dáse publicidade ao convenio a asinar entre este instituto e as entidades financeiras para a súa concesión e se procede á convocatoria do programa para o ano 2025 (código de procedemento VI402B).

2. En todo o non recollido nesta resolución aplicarase o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como as normas de Dereito Público e Privado que resulten de aplicación.

Terceiro. *Definicións*

Ao abeiro do establecido no ordinal segundo da Resolución do 17 de marzo de 2025, os termos incluídos neste ordinal interpretaranse co significado e o alcance seguintes:

a) Persoa con discapacidade: interpretarase de conformidade co Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.



b) Residencia habitual e permanente da/das persoa/s adquirente/s: domicilio en que constan empadroada/s todas elas.

c) Vivenda protexida: interpretarase de conformidade co artigo 56 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

d) Indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM): indicador definido no Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía. O devandito indicador será a unidade de medida para a determinación da contía dos ingresos da/das persoa/s adquirente/s da vivenda, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras.

Cuarto. *Obxecto e características do Programa de avais para a adquisición de vivenda*

1. O Programa de avais ten por obxecto prestar unha cobertura temporal e financeira, de carácter persoal, para a adquisición da primeira vivenda por aquelas persoas que, na data de presentar a correspondente solicitude, teñan menos de trinta e seis anos. O límite de idade non será de aplicación no caso de tratarse da adquisición dunha vivenda cualificada definitivamente como vivenda de protección autonómica de réxime xeral, especial ou concertado.

2. O programa xestionarase en colaboración coas entidades financeiras que se adhiran a el a través da sinatura do convenio que figura no anexo I. Para tal fin, a partir do día seguinte da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG), calquera entidade financeira interesada, con oficinas abertas ao público en Galicia, poderá presentar ante a Dirección xeral do IGVS unha solicitude en que exprese o seu interese na subscripción do indicado convenio. Para estes efectos, deberá empregarse o formulario PR004A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>). A medida que se vaian asinando os convenios, o IGVS dará publicidade na súa páxina web das entidades financeiras adheridas a este programa.

3. De acordo co disposto no punto terceiro do ordinal sexto da Resolución do 17 de marzo de 2025, o importe máximo dos avais que se concederán nesta convocatoria será de cinco millóns de euros.

4. A garantía prestarase ata un 20 % do prezo de adquisición da vivenda ou, se é o caso, do seu valor de taxación, no suposto de que este sexa menor. En ningún caso se outorgará para garantir importes derivados de conceptos distintos aos indicados.



Cando a operación de financiamento con garantía hipotecaria sexa por un importe inferior ao prezo de adquisición da vivenda ou, de ser o caso, do seu valor de taxación, no suposto de que este sexa menor, a garantía prestarase ata un 20 % do importe da operación de financiamento con garantía hipotecaria.

5. A garantía só se prestará cando a operación de financiamento con garantía hipotecaria estea destinada á adquisición da primeira vivenda en propiedade da persoa solicitante e o dito financiamento comprenda, cando menos, o 80 % do prezo de adquisición ou, se é o caso, do valor de taxación, sen poder chegar a superar o 100 % do respectivo importe.

6. O IGVS encargarse de comunicar á entidade financeira a resolución de concesión do aval, a cal servirá de toma de razón para o seu outorgamento e para a formalización do correspondente contrato de préstamo con garantía hipotecaria.

7. Con carácter adicional ás causas legalmente previstas para a extinción de calquera afianzamento, a garantía do IGVS respecto de cada operación de financiamento quedará automaticamente sen efecto no momento en que os pagamentos do principal alcanzasen o importe avalado. A partir dese momento, o IGVS quedará totalmente liberado da obriga de facer fronte ao aval.

8. A garantía ten carácter finalista, de maneira que o importe do préstamo avalado debe destinarse ao pagamento do prezo da vivenda financiada. Para tal efecto, os pagamentos que realice a persoa beneficiaria á entidade deberán destinarse a pagar exclusivamente a débeda hipotecaria e non outra débeda que poida ter coa entidade financeira.

Quinto. *Requisitos para poder ser persoa beneficiaria do programa*

1. Para poder ser beneficiaria do programa é preciso que na data da presentación da solicitude se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a persoa solicitante, que deberá ser quen vaia adquirir a vivenda, posúa a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea. En caso de persoas estranxeiras provenientes de países terceiros, estes deberán contar con autorización de estancia ou residencia en España. No suposto de que a vivenda a adquira máis dunha persoa, todas elas deberán cumprir este requisito.



b) Que a persoa solicitante sexa maior de idade e teña menos de trinta e seis anos no momento da presentación da solicitude. No suposto de que a vivenda a adquira máis dunha persoa, todas elas deberán cumprir este requisito.

O límite dos trinta e seis anos non será de aplicación cando se trate da adquisición dunha vivenda protexida.

c) No suposto de que se trate da adquisición dunha vivenda protexida, ser adquirente ou adxudicatario, en primeira ou sucesivas transmisións, e ter acreditado no correspondente expediente o cumprimento dos requisitos de acceso a unha vivenda protexida exixidos pola normativa reguladora destas vivendas.

d) Que a persoa solicitante estea empadroada en Galicia. No suposto de que a vivenda a adquira máis dunha persoa, todas elas deberán cumprir este requisito.

e) Que a persoa solicitante dispoña duns ingresos mínimos de 2 veces o IPREM e uns ingresos máximos de 5,5 veces o IPREM. A devandita porcentaxe máxima será do 6,5 veces o IPREM, se a vivenda a adquira máis dunha persoa. Nestes casos, os límites de ingresos mínimos e máximos sinalados aplicaranse tendo en conta a suma dos ingresos de todas as persoas adquirentes da vivenda.

Para estes efectos, partírase da contía da base impositiva xeral e do aforro, reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas (en diante, IRPF), correspondentes aos datos fiscais da/das persoa/s solicitante/s, correspondentes ao período impositivo con prazo de presentación vencido na data da solicitude.

Para os efectos da determinación do IPREM, computaranse os ingresos derivados da percepción pola/s persoa/s adquirente/s das rendas que, en virtude da normativa reguladora do IRPF, estean exentas da declaración. Os citados ingresos complementaríanse cos resultantes da base impositiva na consulta da declaración do IRPF, tendo a consideración de ingresos percibidos pola/s persoa/s adquirente/s.

Para a valoración das solicitudes utilizarase o valor do último IPREM publicado na data da solicitude.

No suposto de adquisición dunha vivenda protexida, o requisito dos ingresos será o que se determine na correspondente normativa reguladora.



2. Así mesmo, para a obtención do aval é preciso que concorran os seguintes requisitos:

a) Que a vivenda para que se outorga a garantía estea situada na Comunidade Autónoma de Galicia e vaia ser destinada a ser a residencia habitual e permanente da/das persoa/s adquirente/s durante, cando menos, todo o período en que estea vixente a garantía.

b) No suposto de adquisición dunha vivenda protexida, a vivenda debe ter sido cualificada definitivamente como vivenda protexida de protección autonómica de réxime xeral, especial ou concertado na data de presentación da solicitude.

c) Que o prezo de adquisición da vivenda, sen os gastos e os tributos correspondentes, non supere os prezos indicados a continuación, segundo a zona territorial do concello en que se localice a vivenda, de conformidade co anexo II:

– Concellos correspondentes ao ámbito territorial de prezo máximo superior: 260.000 euros.

– Concellos correspondentes á zona territorial 1: 210.000 euros.

– Concellos correspondentes á zona territorial 2: 180.000 euros.

No suposto de vivendas protexidas de protección autonómica de réxime xeral, especial ou concertado, o prezo máximo será o previsto na cualificación definitiva.

3. Non se outorgará a garantía cando a vivenda que se pretende adquirir non vaia constituir a primeira vivenda en propiedade da/das persoa/s adquirente/s. Tampouco se outorgará o aval cando a/s persoa/s adquirente/s sexan propietarios/as ou usufrutuarios/as dunha vivenda en territorio español. Exceptuarase este requisito nos seguintes casos:

a) Cando o dereito recaese unicamente sobre unha parte alícuota da vivenda e se adquirise por herdanza ou mediante transmisión *mortis causa* sen testamento.

b) Cando non se dispoña da vivenda por causa de separación ou divorcio; situacións catastróficas ou situacións de violencia de xénero ou ameaza/vítima de terrorismo.

c) Cando a vivenda resulta inaccesible por situacións sobrevidas de dependencia ou discapacidade da/das persoa/s adquirente/s da vivenda ou dalgún dos membros da súa unidade de convivencia, cun grao de discapacidade recoñecido oficialmente igual ou superior ao 33 %.



Sexto. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes comezará unha vez transcorridos cinco días hábiles da publicación da resolución no DOG. No suposto de que o primeiro día do prazo sexa inhábil, o prazo comezará o primeiro día hábil seguinte.

O prazo rematará o 30 de outubro de 2026 e, en todo caso, no momento do esgotamento do importe máximo de avais que se concederán no ano 2026, que se fixa en cinco millóns de euros. O dito esgotamento, en caso de producirse antes do 30 de outubro de 2026, farase público no DOG mediante resolución da persoa titular da dirección xeral do IGVS.

2. As solicitudes poderán presentarse desde as 9.00 horas do primeiro día de inicio do prazo ata ás 14.00 horas do 30 de outubro de 2026. Este prazo poderá ser ampliado mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, que deberá ser publicada no DOG.

3. As solicitudes presentadas fóra do prazo e do horario indicado serán inadmitidas.

Sétimo. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, que se incorpora como anexo III a esta resolución.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se algunha das persoas interesadas presentan a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emenden a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose presentada a emenda.

Para a presentación electrónica poderán empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. A solicitude, debidamente cuberta, deberá dirixirse á Dirección Xeral do IGVS.

3. Nos supostos de adquisición da propiedade da vivenda por máis dunha persoa, deberá presentarse unha única solicitude, en que se identificará a todas as que pretenden actuar como compradoras.



4. No formulario de solicitude a persoa solicitante deberá realizar as seguintes declaracións:

a) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin as demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa, solicitou ou obtivo ningunha axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha axuda, deberá indicar cales e a súa contía.

b) Compromiso de comunicar calquera axuda que lle sexa concedida a ela ou a calquera das persoas adquirentes para a mesma finalidade.

c) Declaración de que a vivenda que se pretende adquirir vai ser a súa primeira vivenda en propiedade, así como, de ser o caso, das demais persoas que adquiren a vivenda.

d) Compromiso de que a vivenda vai constituír a súa residencia habitual e permanente e das demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda por máis dunha persoa, durante, cando menos, todo o período en que estea vixente a garantía.

e) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin as demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda por máis dunha persoa, son propietarias e/ou usufruarias dunha vivenda situada en España, agás os supostos exceptuados no punto tres do ordinal quinto.

f) Declaración responsable de que todos os datos da solicitude son certos.

Oitavo. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) De ser o caso, a documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>

b) Informe favorable da entidade financeira de autorización da operación de financiamento hipotecario, para o suposto de que á/ás persoa/s solicitante/s se lle/lles conceda o aval.



c) Anexo IV, de comprobación de datos das demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa.

d) Anexo V, de declaración responsable da persoa solicitante e das demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa, no caso de non estaren obrigadas a presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, xunto coa seguinte documentación:

– Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio.

– Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social (en diante, INSS).

– Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.

e) No caso de que a/as persoa/s adquirente/s sexan propietarias ou usufruarias dalgunha vivenda en España e non poidan dispoñer dela:

– Convenio regulador de separación ou divorcio ou sentenza que acredite a dita circunstancia, de ser o caso.

– Documentación que acredite que a/as persoa/s adquirente/s non poden habitar a vivenda por calquera outra causa allea á súa vontade, de ser o caso.

– Informe técnico que xustifique a inaccesibilidade da vivenda por razón da discapacidade da persoa titular e/ou dalgún membro da súa unidade de convivencia, de ser o caso.

f) No caso de que a persoa solicitante ou as demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa, sexan propietarias ou usufruarias da parte alícuota dunha vivenda en España, a documentación acreditativa de que foi adquirida por herdanza ou mediante transmisión *mortis causa* sen testamento.

g) No suposto de vivenda inaccesible por razóns de discapacidade dalgún membro da unidade de convivencia, o correspondente certificado de discapacidade, no suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia.



2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

3. De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente da persoa interesada a súa achega.

4. Poderán solicitar a concesión do aval aquelas persoas que obtivesen a concesión ao abeiro da Resolución do 17 de marzo de 2025, pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de avais para a adquisición de vivenda, se dá publicidade ao convenio que asinarán entre este instituto e as entidades financeiras para a súa concesión e se procede á convocatoria do programa para o ano 2025, e a operación de financiamento non fose formalizada na dita anualidade. Nestes supostos non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente sempre que non variasen. Neste caso, deberánse cumprir todos os requisitos sinalados nesta resolución e nas bases reguladoras, excepto o referido ao límite de idade.

Noveno. *Forma de presentación da documentación complementaria*

1. A documentación complementaria presentarase por vía electrónica. No caso de ser presentada de forma presencial, requiriráselle á persoa interesada para que proceda a súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

2. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.



4. No caso de que algún dos documentos que se vaian presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Décimo. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a/as persoa/s interesada/s se opoña á súa consulta:

a) Documento nacional de identidade ou, de ser o caso, número de identidade de estranxeiro da persoa solicitante e, de ser o caso, da súa persoa representante, así como das demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa.

b) Número de identificación fiscal da entidade representante, de ser o caso.

c) Certificado da renda expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria da persoa solicitante e das demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa.

d) Certificación de titularidade de bens inmobles da Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Facenda, onde conste que nin a persoa solicitante nin as demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa, teñen en propiedade e/ou en usufruto outra vivenda en territorio español.

e) Consulta de datos de residencia con data da última variación padroal da persoa solicitante e das demais persoas adquirentes, de ser o caso.

2. Consultaranse, ademais, os seguintes datos, cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Consulta de prestacións e datos económicos da Tarxeta Social Dixital, da persoa solicitante, así como das demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa.



b) Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia da consellería competente en materia de política social, da persoa solicitante, así como das demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa.

c) Certificado dos importes das prestacións de desemprego percibidos pola persoa solicitante, así como polas demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa.

d) Consulta de datos de residencia legal de persoas estranxeiras da persoa solicitante e das demais persoas adquirentes.

e) Certificado acreditativo da discapacidade das persoas adquirentes e/ou calquera das persoas integrantes da súa unidade de convivencia, no caso de que este documento deba ser expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar das persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décimo primeiro. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Décimo segundo. *Órganos competentes para instruír e resolver os procedementos*

1. A instrución do procedemento é competencia da Dirección Técnica de Axudas á Venda do IGVS.

2. Correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS resolver sobre a concesión da garantía.



Décimo terceiro. *Procedementos de concesión e requirimentos de emenda*

1. Examinada a solicitude, se esta non reúne os requisitos exixidos, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de dez días hábiles a emende ou achegue os documentos preceptivos, advertíndoa que, no caso de non atender o requirimento, se considerará que desiste da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a persoa solicitante poderá ser requirida para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez completado o expediente e despois das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, a persoa titular da Dirección Técnica de Axudas á Vivenda do IGVS emitirá un informe sobre o cumprimento dos requisitos e elevará a proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, quen resolverá o que en dereito proceda.

Décimo cuarto. *Resolución e recursos*

1. O prazo para resolver a concesión do aval será de tres meses, contados desde a data de presentación da solicitude. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, a persoa solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

2. Contra a resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O prazo de interposición deste recurso será dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Décimo quinto. *Causas de denegación*

1. Será causa de denegación da solicitude de outorgamento da garantía o incumprimento dos requisitos exixidos nesta resolución.

2. Tamén serán denegadas aquelas solicitudes que non dispoñan de cobertura orzamentaria no momento da súa resolución. Para estes efectos, terase en conta a orde cro-



nolóxica de entrada das solicitudes. Para tal fin, considerarase a data de presentación aquela en que a solicitude estivese validamente cuberta e se presentase acompañada da totalidade dos documentos exixidos nesta resolución e na correspondente convocatoria.

Décimo sexto. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión do aval ou a obtención concorrente de subvencións e axudas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da garantía.

Décimo sétimo. *Obrigas das persoas beneficiarias do programa*

As persoas beneficiarias do programa deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Someterse ás actuacións de comprobación, de verificación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das devanditas actuacións.

b) Comunicar de inmediato, mesmo durante a tramitación da solicitude, á entidade financeira que estea a realizar a dita tramitación, así como á Dirección Técnica de Axudas á Vivenda do IGVS calquera modificación das condicións que puidesen determinar o reintegro do aval.

c) Achegar ao IGVS, nun prazo de quince días desde a súa formalización, a escritura pública da operación de financiamento.

d) Comunicar á Dirección Técnica de Axudas á Vivenda do IGVS a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a adquisición da vivenda. En caso de obtención de axudas ao financiamento, estas deberán destinarse á correspondente amortización, total ou parcial, do préstamo hipotecario obtido para a adquisición da vivenda.

e) Utilizar o aval exclusivamente para a finalidade para a que foi concedido e conservar os documentos xustificativos do cumprimento da devandita finalidade.

f) Responder, no suposto de que sexan varias as persoas beneficiarias da garantía, de maneira solidaria das obrigas de natureza económica derivadas da resolución de concesión, sen que poidan acollerse aos beneficios de división e excusión.



Décimo oitavo. *Reintegro do aval***1. Dará lugar ao reintegro do aval:**

a) O incumprimento das obrigas recollidas no ordinal anterior.

b) A adquisición dunha vivenda sen que concorran os requisitos establecidos nesta resolución.

c) O incumprimento ou a falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento do aval.

2. No suposto de execución do aval, a persoa beneficiaria deberá reintegrar ao IGVS as cantidades pagadas neste concepto que non fosen recuperadas polo dito organismo como consecuencia da execución hipotecaria.

Décimo noveno. *Compatibilidade e incompatibilidade*

O outorgamento do aval será compatible coas axudas previstas nos programas de axudas para a adquisición de vivenda xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, o outorgamento do aval será compatible con calquera outra axuda que perciba a persoa compradora, xa proceda de entidades públicas ou de entidades privadas.

Vixésimo. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e de actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema



de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, considerándose rexeitada cando transcorreran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Vixésimo primeiro. *Actuacións de control e deber de información*

1. Todas as actuacións que deriven desta resolución están sometidas ás actuacións de comprobación, verificación e control financeiro da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e demais órganos competentes.

2. O IGVS remitirá mensualmente á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a relación actualizada dos avais concedidos, con indicación dos datos das persoas avaladas e do risco real garantido e demais información que, de ser o caso, se lle solicite por ela.

Vixésimo segundo. *Habilitación para o desenvolvemento*

Habilítase a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS para ditar as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta resolución, así como para adoptar os acordos, as instrucións e as aclaracións que sexan precisos para a xestión destes avais.

Así mesmo, habilítase a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS para modificar os prezos de adquisición da vivenda previstos na letra c) do punto segundo do ordinal quinto desta resolución.



Vixésimo terceiro. Recursos contra esta resolución

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan presentar calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os tribunais de instancia da sección do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vixésimo cuarto. Eficacia

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2026

María Martínez Allegue
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo

ANEXO I**Convenio entre o IGVS e as entidades financeiras para a concesión de avais ao abeiro do Programa avais para a adquisición de vivenda**

Reunidos:

Dunha parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), con NIF Q6550004C e domicilio en Área Central s/n, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela (A Coruña), representado por María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en virtude das atribucións que lle confire a súa calidade de presidenta do IGVS, segundo o artigo 4 do Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do citado organismo.



E, doutra parte, ..., maior de idade, con NIF..., actuando no nome e representación da entidade financeira..., con domicilio social en... (...), na rúa... CP... e provista de NIF... por virtude dos poderes outorgados con data do... ante o/a notario/a de..., ..., que declara encontrarse vixentes e non revogados (en diante, entidade financeira).

As partes recoñécense, no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento deste convenio e, para o efecto,

EXPOÑEN:

Primeiro. A Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, establece que lle corresponde a este organismo a realización da política de vivenda da Xunta de Galicia co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada.

Segundo. Ao abeiro do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 o Instituto Galego da Vivenda e Solo implantou un Programa de avais que inicialmente estaba dirixido ás persoas menores de 36 anos e que posteriormente se ampliou a todas as persoas adquirentes dunha vivenda protexida, sen límite de idade.

O 19 de marzo de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 17 de marzo, pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de avais para a adquisición de vivenda, dáse publicidade ao convenio que se asinará entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e as entidades financeiras para a súa concesión e se procede á convocatoria do programa para o ano 2025 (código de procedemento VI402B).

Terceiro. O Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030, asinado o 10 de febreiro de 2026 polos representantes das entidades integrantes do pleno do Observatorio da vivenda de Galicia, recolle as liñas de actuación pública nesta materia, e constitúe un instrumento fundamental na planificación das políticas públicas na Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2026-2030. A través deste pacto garántese a continuidade, entre outros, do Programa de avais para a adquisición de vivenda durante este período.

Cuarto. A finalidade deste programa é facilitar o acceso á vivenda ás persoas que teñen capacidade de pagamento dunha cota hipotecaria, pero que non dispoñen das contías necesarias para facer fronte ao pagamento inicial que non está cuberto polo préstamo hipotecario que, con carácter xeral, supón o 20 % deste.



Quinto. De conformidade co disposto no artigo 44 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, autorízase o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a concesión de avais, por un importe máximo de cinco millóns de euros, con destino á compra da primeira vivenda por menores de trinta e seis anos ou á compra de vivenda protexida sen límite de idade, cun límite máximo do vinte por cento do prezo da compravenda, polo tempo necesario para a amortización do importe avalado durante os primeiros anos da vixencia do préstamo, coas características e as condicións establecidas no programa que aprobe o dito instituto.

Sexto. O IGVS pretende implantar o Programa de avais para a adquisición de vivenda, con destino á primeira vivenda para menores de trinta e seis anos ou á compra de vivenda protexida sen límite de idade, cun límite máximo do vinte por cento do prezo da compravenda.

Sétimo. A entidade financeira está interesada en colaborar co IGVS na implantación deste programa.

Polo anterior, as partes conviñeron a formalización deste convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. *Obxecto*

O obxecto do convenio é establecer os termos e as condicións da colaboración entre o IGVS e a entidade financeira para o desenvolvemento do Programa de avais para a adquisición de vivenda.

Segunda. *Financiamento*

O importe máximo dos avais que poderán contar coa garantía do IGVS con cargo á anualidade 2026 será de cinco millóns de euros (5.000.000,00 €).

Poderán acollerse a este programa todas as operacións de financiamento de adquisición de vivenda, con garantía hipotecaria sobre a vivenda cuxa adquisición se está financiando, coa condición de que as ditas operacións de financiamento queden dentro dos parámetros e dos límites fixados no Programa de avais para a adquisición de vivenda.



Terceira. *Ámbito territorial*

O ámbito territorial de aplicación do convenio será a Comunidade Autónoma de Galicia. Para tal efecto, as vivendas que se avalen deben estar situadas no territorio galego e as persoas adquirentes das vivendas deben estar empadroadas en Galicia no momento da solicitude do aval.

Cuarta. *Entrada en vigor e vixencia do convenio*

O convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2026, salvo que, con anterioridade á dita data, se esgotasen os fondos previstos para o Programa de avais para a adquisición de vivenda.

Non obstante o anterior, as partes comprométense ao cumprimento de todas as obrigas, mentres subsistan, que dimanen deste convenio.

Quinta. *Condicións de financiamento*

As operacións que quedan baixo a cobertura do convenio serán aquelas que, formalizadas dentro período da súa vixencia, estean referidas ao financiamento con garantía hipotecaria sobre a vivenda obxecto de adquisición e o dito financiamento, xunto co do aval, sexa superior ao 80 % e igual ou inferior ao 100 % do prezo de compravenda. En todo caso, o aval do IGVS non poderá superar o 20 % do prezo da compravenda ou do valor de taxación, se este fose inferior.

Cando a operación de financiamento con garantía hipotecaria sexa por un importe inferior ao prezo de adquisición da vivenda ou, de ser o caso, do seu valor de taxación, no suposto de que este sexa menor, a garantía prestarase ata un 20 % do importe da operación de financiamento con garantía hipotecaria.

En ningún caso se outorgará para garantir importes derivados de conceptos distintos aos indicados.

Non serán obxecto de financiamento os impostos ou taxas, xa sexan directos ou indirectos, que graven as operacións de adquisición e financiamento da vivenda.



Sexta. *Garantía do IGVS***6.1. Aval.**

En virtude do previsto neste convenio e para cada operación de financiamento cuberta por el, o IGVS avalará fronte á entidade financeira, como máximo, o 20 % do prezo da compravenda, ou do valor de taxación, se este fose inferior, salvo que o importe da operación de financiamento sexa inferior, supostos en que a garantía prestarase ata un 20 % do importe da operación de financiamento con garantía hipotecaria.

6.2. Natureza da garantía.

Todo aval prestado polo IGVS en virtude deste convenio rexerese, no que non estea expresamente previsto neste acordo, polas disposicións previstas para a fianza no Código civil, recoñecéndoselle, en particular, ao IGVS o dereito de subrogación nos dereitos e nas garantías que puidese ter a acreedora fronte á persoa debedora para o caso de que tivese que facer fronte a calquera das operacións avaladas en virtude deste convenio.

6.3. Formalización e requisitos de eficacia da garantía.

Para que unha concreta operación financeira quede avalada nos termos previstos no convenio e, polo tanto, para que sexa eficaz, ademais de reunir todos os requisitos que nel se desenvolven, deberá cumprir o seguinte:

a) Que a garantía hipotecaria sobre a vivenda obxecto da operación de financiamento quede debidamente rexistrada e, polo tanto, sexa plenamente válida e eficaz, no Rexistro da Propiedade competente no prazo máximo de seis (6) meses desde o outorgamento da correspondente escritura de hipoteca.

b) Que o clausulado da escritura de hipoteca pola que se formalice a operación de financiamento incorpore o texto das estipulacións contido na cláusula décimo primeira deste convenio.

6.4. Redución e extinción do aval.

Os pagamentos do principal da operación de financiamento que realice o/a debedor/a hipotecario/a aplicaranse, en primeiro lugar, á redución da porcentaxe avalada por parte do IGVS, debendo comunicar anualmente a entidade financeira ao IGVS a porcentaxe do aval resultante de aplicar a devandita redución.



Con carácter adicional ás causas legalmente previstas para a extinción de calquera afianzamento, a garantía do IGVS respecto a cada operación de financiamento quedará automaticamente sen efecto no momento en que os pagamentos do principal que efectúe o debedor hipotecario alcanzasen o importe avalado, é dicir, o 20 % ou a porcentaxe avalada, no caso de que fose inferior. A partir dese momento, o IGVS quedará totalmente liberado da obrigaón de facer fronte ao aval, o cal expresamente acepta a entidade financeira.

Sétima. Tramitación de solicitudes e operativa do aval

As persoas beneficiarias finais presentarán a súa solicitude de financiamento na entidade financeira.

A entidade financeira requirirá a acreditación por parte da persoa solicitante dos requisitos das condicións obxectivas e subxectivas establecidas no Programa de avais para a adquisición de vivenda para acceder á garantía e, se é o caso, aprobará a operación de financiamento de acordo cos seus procedementos internos e usos bancarios, respectando, en todo caso, a finalidade e as condicións deste convenio. O IGVS non intervirá no estudo nin na aprobación/denegación das operacións de financiamento.

A entidade financeira emitirá un informe en que se indiquen as características da operación, financiamento e aval, xunto co cadro de amortización do préstamo hipotecario, de acordo coa información precontractual que estea previsto facilitar á persoa beneficiaria, en cumprimento da Lei 5/2019, do 15 de marzo, reguladora dos contratos de crédito inmobiliario.

As persoas beneficiarias finais presentarán a solicitude do aval ao IGVS conforme co procedemento e coa documentación establecida no Programa de avais para a adquisición de vivenda.

O IGVS verificará a documentación presentada e a dispoñibilidade de financiamento e remitirá, de ser o caso, á persoa beneficiaria a resolución de concesión do aval. Así mesmo, comunicará telematicamente á entidade financeira a concesión do aval que servirá de toma de razón para o outorgamento do aval, sen que o IGVS teña que comparecer na formalización da escritura. Cando a entidade financeira conte coa resolución asinada polo IGVS, poderá formalizar a operación co/coa cliente/a.

O financiamento instrumentarase no correspondente contrato de préstamo con garantía hipotecaria entre á persoa beneficiaria final e a entidade financeira. A entidade financeira



responsabilízase de todas as cuestións que afecten o contrato de préstamo con garantía hipotecaria coa persoa beneficiaria final.

Oitava. *Características básicas das operacións de financiamento hipotecario*

8.1. En relación coas persoas beneficiarias finais:

Serán beneficiarias finais e poderán acollerse a esta liña de avais as persoas físicas que reúnan e acrediten os requisitos establecidos no Programa de avais para a adquisición de vivenda.

8.2. En relación coas vivendas:

Para acceder ao aval as vivendas a adquirir deberán cumprir os requisitos establecidos no Programa de avais para a adquisición de vivenda.

Novena. *Compromisos da entidade financeira*

Para o bo fin do convenio a entidade financeira comprométese a entregar a totalidade do financiamento concedido á parte acreditada para que a aplique á adquisición da vivenda, comprometéndose a entidade financeira, en todo caso, a non reter ningunha cantidade do devandito financiamento en concepto de garantía (xa sexa mediante o peñoramento da parte dos fondos ou mediante a subscripción de ningunha outra operación de pasivo cos devanditos fondos).

9.1. Verificación da tramitación.

Cando o IGVS o solicite, a entidade financeira remitiralle a documentación necesaria, para a verificación da elixibilidade das operacións.

A entidade financeira obrígase a custodiar a documentación relativa á operación de financiamento para a que se solicitou o aval do IGVS durante toda a vixencia do aval e a entregar esta documentación por requirimento do IGVS.

Adicionalmente, a entidade financeira obrígase a permitir que o IGVS ou as persoas que designe, realicen comprobacións, auditorías ou supervisións da documentación relativa a este convenio, e a cada operación de financiamento, achegando a información que se precise.



Décima. Recuperación pola entidade financeira das cantidades debidas. Aplicación dos importes recibidos do IGVS. Subrogación por concurso de acredores

O IGVS e a entidade financeira conveñen que, en caso de falta de pagamento pola persoa debedora en calquera das operacións de financiamento que son obxecto deste convenio, a entidade financeira deberá, ben reclamar xudicialmente (nos termos en que se define nesta cláusula) do debedor o pagamento do debido polos medios que entenda máis convenientes (procedemento de execución ordinaria ou hipotecaria), ben proceder de calquera outra forma extraxudicial con fin de recuperar o importe do financiamento (venta do activo, venda do crédito, dación ou calquera outra que así decida a entidade financeira).

O IGVS comprométese, no prazo de corenta e cinco (45) días desde a data en que a entidade financeira lle comunique fidedignamente e xustifique documentalmente a falta de pagamento, a pagar á entidade financeira unha cantidade igual ao importe avalado no momento da comunicación, é dicir, o resultante de aplicar as reducións procedentes conforme co previsto na cláusula sexta.

Unha vez que o IGVS pague á entidade financeira o importe avalado respecto dunha operación, a entidade poderá minorar contablemente a débeda da dita operación, e comunicará ao xulgado a subrogación do IGVS no importe pagado, continuando, de ser o caso, coas actuacións xudiciais de recuperación, e actuando a entidade, así mesmo, en defensa dos intereses do IGVS, sen prexuízo de que o IGVS nomee avogado/a para representar os seus intereses en sede xudicial.

Defínese reclamación xudicial como a demanda executiva que presente a entidade financeira e que dea inicio ao procedemento executivo coa finalidade de cobrar o importe da operación de financiamento.

Para os efectos deste convenio, e para cando se produza no marco do proceso de execución hipotecaria unha adxudicación do ben hipotecado a favor da entidade financeira, considerarase que a dita entidade percibiu para pagamento do principal pendente de cobrar da operación de financiamento a cantidade total pola que se considere adxudicado o dito ben.

10.1. Distribución dos quebrantos e dos gastos entre asinantes deste convenio. Asunción definitiva dos quebrantos.

En relación con cada unha das operacións de financiamento, unha vez esgotado o procedemento de execución correspondente, acórdase que a entidade financeira se obriga a



reintegrar ao IGVS as cantidades recuperadas da persoa beneficiaria final en proporción á porcentaxe avalada polo IGVS.

En caso de recuperacións non en diñeiro, o devandito reintegro terá lugar unha vez que a entidade financeira realizase o activo atendendo ao valor de realización, aínda que a cantidade para reintegrar non poderá ser inferior á parte correspondente do valor de adxudicación do ben ou dereito.

A recuperación ou o ingreso de calquera cantidade adicional que minore o importe do quebranto total será distribuída entre a entidade financeira e o IGVS de acordo coas porcentaxes anteriormente referidas sen que importe para iso quen realizase a xestión para a devandita recuperación ou se esta se realizou voluntariamente pola persoa debedora ou un terceiro.

O IGVS, na proporción correspondente, e se así o considera oportuno, poderá resarcirse mediante o exercicio das accións que lle correspondan por dereito propio ou por subrogación nos dereitos e nas garantías da entidade financeira.

A entidade financeira non poderá en ningún caso aplicar todo ou parte dos importes recuperados e correspondentes ao IGVS para modificar a posición debedora da persoa beneficiaria final.

En calquera caso, dos importes recuperados de cada operación, a entidade financeira poderá, logo de xustificación ante o IGVS, descontar a porcentaxe do aval correspondente á operación, dos gastos nos que incorrese para proceder á recuperación, sempre que os ditos gastos sexan, en todo caso, inferiores ao importe recuperado para cada unha das operacións e sen que a porcentaxe que lle corresponda pagar ao IGVS destes gastos supere o 20 % ou a porcentaxe correspondente ao aval concedido polo IGVS, no suposto de que fose inferior ao dito 20 %.

Con periodicidade trimestral, a entidade financeira enviará ao IGVS unha certificación sobre a situación de falta de pagamento e a recuperación das operacións que fosen obxecto de reclamación xudicial, así como aquelas que fosen consideradas malogradas definitivamente.

Sobre a base da citada certificación trimestral, a entidade financeira deberá ingresar ao IGVS os importes correspondentes á totalidade das recuperacións informadas.



10.2. Subrogación por concurso de acredores.

Para o suposto de declaración concursal do/da debedor/a da operación financeira con aval do IGVS, o auto de declaración do concurso producirá a subrogación do dito organismo na parte avalada, para os efectos da súa intervención no procedemento concursal. Nestes supostos, será a entidade financeira a que continuará coa representación do conxunto dos créditos derivados da operación financeira, incluíndo a parte do principal subrogado, salvo que o IGVS solicite expresamente a súa comparecencia en parte e a xestión no proceso.

Décimo primeira. *Contido da escritura*

As escrituras en virtude das que se formalice cada operación de financiamento deberán conter, ademais das cláusulas reguladoras da operación, as seguintes estipulacións:

I. Este financiamento hipotecario formalizouse ao abeiro do Programa de avais para a adquisición de vivenda, polo que se regula o acceso á vivenda en réxime de propiedade de persoas menores de trinta e seis anos ou á compra de vivenda protexida sen límite de idade a través da concesión dun aval polo IGVS, así como do convenio que o Instituto Gallego da Vivenda e Solo (IGVS), e a entidade financeira formalizaron con data do ... de ... de 2026, para apoiar a adquisición de vivenda, mediante o cal se establece cobertura financeira temporal e parcial prestada polo IGVS ante a entidade financeira en determinados supostos da falta de pagamentos do financiamento hipotecario para a adquisición dunha vivenda e que en todos os casos constituía residencia habitual e permanente.

II. No devandito convenio establécese que a entidade financeira concederá o financiamento de ata o 100 % do prezo de compravenda, constituíndo garantía hipotecaria polo importe financiado. Complementariamente á garantía hipotecaria, o IGVS avalará o tramo comprendido entre o 80 % e ata o 100 % do prezo de compravenda. Coa devandita hipoteca cubrirase tanto o tramo comprendido entre o 80 % e ata o 100 % avalado polo IGVS, como o tramo do 80 % non avalado polo IGVS.

III. O IGVS quedará automaticamente liberado da obriga de fianza asumida no momento no cal os pagamentos do principal que efectúe o/a debedor/a hipotecario/a alcancen o importe avalado, é dicir, o 20 % ou a porcentaxe avalada no caso de que fose inferior.



IV. Por medio de, [nome da persoa beneficiaria final]: (i) manifesta coñecer e aceptar os termos da garantía prestada polo IGVS e que están recollidos no convenio anteriormente referido, prestando así mesmo a súa conformidade á realización por parte do IGVS de calquera pagamento pola súa conta en execución da referida garantía, e (ii) comprométese a comunicar á entidade financeira e ao IGVS a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a adquisición da vivenda, e a amortización anticipada e parcial do financiamento hipotecario outorgado e avalado polo IGVS pola totalidade do importe da subvención, axudas, ingresos ou recursos recibidos.

V. «Por medio de, [nome da persoa beneficiaria final] autoriza a [entidade financeira], á cesión dos datos de carácter persoal contidos neste documento, así como aqueles que, se é o caso, facilite agora ou no futuro e sexan necesarios para o mantemento, o control e a execución do aval, incluíndo expresamente o estado, a situación e as condicións do financiamento, ao IGVS, co fin de posibilitar o aval da operación por parte deste, así como as tarefas administrativas, de control, seguimento e eventual execución do aval que esta operación poida xerar».

VI. A [entidade financeira] non poderá conceder nin aprazamentos, nin prórrogas, nin modificar as condicións iniciais de cada operación sen autorización expresa do IGVS, mentres permaneza en vigor o aval do IGVS, agás de calquera modificación imposta con carácter normativo (por exemplo as recollidas no Real decreto lexislativo 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos).

VII. Así mesmo, o IGVS deberá prestar conformidade e autorización expresa á parte prestataria para que, se é o caso e día, outorgue por si soa as escrituras de novación modificativa desta escritura, conforme o disposto na Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios, non só modificando o tipo de xuro, senón tamén o prazo de duración do financiamento, requiríndose a dita conformidade para que se estenda a fianza no tempo, caso de aumentalo ao novo prazo pactado, mentres permaneza en vigor o aval do IGVS.

En ningún caso a escritura nin ningún outro documento que subscriban a entidade financeira e a persoa beneficiaria final poderá conter regulacións relativas ao aval do IGVS ou que impliquen calquera tipo de obrigas ou deberes para este que non se recollen neste convenio ou que non fosen aceptadas de maneira previa, expresa e por escrito polo IGVS.



Décimo segunda. *Protección de datos persoais*

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio e demais especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que fosen postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e co alcance de executar o establecido neste convenio, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, en diante, RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante na materia.

Así mesmo, cada parte informa a outra parte de que os datos persoais dos representantes que actúan no nome e por conta de cada unha delas serán tratados coa finalidade de xestionar este convenio, así como, de ser o caso, cumprir coas obrigas legais impostas ás partes durante á súa vixencia. Unha vez finalizada a vixencia os datos serán conservados, debidamente bloqueados, durante os prazos de prescrición das accións que puidesen derivarse da execución deste convenio e para os únicos efectos de cumprir os deberes legais requiridos e para a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións.

Os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, de rectificación, de limitación ao tratamento, á supresión e á oposición de acordo coa normativa que resulta de aplicación:

– Respecto do IGVS: a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e nos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se especifica na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

– Respecto da entidade financeira: (para cubrir no convenio que se formalice con cada entidade).



Así mesmo, as persoas interesadas poderán dirixir aquelas reclamacións derivadas do tratamento dos seus datos á Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Finalmente, os datos de contacto dos/das respectivos/as delegados/as de protección de datos son:

– Respecto ao IGVS: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

– Respecto á entidade financeira: (para cubrir no convenio que se formalice con cada entidade).

Décimo terceira. *Notificacións*

As obrigas de información establecidas neste convenio levaranse a termo por vía telemática, de acordo coas instrucións que se faciliten, aos enderezos en cada momento comunicados polo IGVS. En todo caso, a información facilitada pola entidade financeira deberá respectar e cumprir co previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta. *Cargas fiscais e gastos*

O pagamento de tributos, cargas fiscais e demais gastos que se deriven da aplicación do convenio farase segundo a lei, sen que a entidade financeira poida repercutir ao IGVS as cantidades debidas ou satisfeitas polos devanditos conceptos.

Décimo quinta. *Facilidades para a tramitación*

A entidade financeira, para a maior eficacia e efectividade no desenvolvemento do previsto no convenio, comprométese a implementar e levar a cabo todas as actuacións precisas para facilitar ao máximo aos particulares a tramitación, a avaliación e a concesión destes avais.

Décimo sexta. *Comisión de Seguimento*

Establécese unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por, cando menos, dous representantes do IGVS, actuando un deles de coordinador e, polo menos, un/una representante de cada entidade financeira. O labor desta Comisión de Seguimento será o de impulsar os obxectivos convenio, interpretar o seu contido, dirimir as discrepancias que puidesen exporse e establecer os mellores procedementos para o seu eficaz desenvolvemento.



A Comisión de Seguimento reunirse coa periodicidade que as partes consideren necesaria.

Décimo sétima. *Adhesión ao convenio*

O IGVS queda autorizado expresamente, logo de notificación á entidade asinante do convenio a propoñer e levar a cabo cantos trámites sexan necesarios para a efectiva adhesión de novas entidades financeiras a este convenio nos termos e nas condicións que nel se establecen.

Décimo oitava. *Modificación do convenio*

A modificación do convenio require o acordo expreso das persoas asinantes, aínda que se unha entidade financeira non subscribe a modificación, esta non lles será aplicable, entendéndose resolto o convenio respecto da dita entidade financeira, á marxe da subsistencia dos dereitos e obrigacións derivados das operacións realizadas.

Décimo novena. *Réxime xurídico*

O convenio ten carácter administrativo, e rexerá para os seus efectos polas súas cláusulas, e non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme o disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puidesen presentar.

Dada a natureza xurídico-pública do convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Vixésima. *Principio de prudencia financeira*

A eficacia das cláusulas do convenio quedará condicionada ás normas ou aos acordos que se adopten en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e o IGVS poderá propoñer a subscripción de addendas ao convenio ou acordar a súa extinción, cando así resulte obrigado en virtude daquelas normas ou acordos.

Vixésimo primeira. *Divulgación da formalización do convenio*

As partes poderán participar na promoción, na divulgación e na difusión das actividades e dos resultados obtidos como consecuencia da execución deste convenio mediante a correspondente publicación nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.



En proba de conformidade, as partes subscriben este documento no lugar e na data indicados no encabezamento.

ANEXO II**Zonas territoriais**

– Concellos correspondentes ao ámbito territorial de prezo máximo superior: comprende os concellos da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

– Concellos correspondentes á zona territorial 1:

Na provincia da Coruña: Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo.

Na provincia de Lugo: Burela, Cervo, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro.

Na provincia de Ourense: Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia.

Na provincia de Pontevedra: A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Pontecareas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

– Concellos correspondentes á zona territorial 2: resto de municipios da Comunidade Autónoma.





ANEXO III

PROCEDEMENTO PROGRAMA AVAIS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO VI402B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO NÚM. PAÍS EMISOR

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

PARROQUIA LUGAR

CONTACTO

PREFIXO TELÉFONO MÓBIL PREFIXO OUTRO TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO NÚM. PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

CVE-DOG: 2b9f3q8-ylo5-yo2-k7y7-lxx999njutq8




**ANEXO III
(continuación)**
DATOS DA VIVENDA OBXECTO DA ADQUISICIÓN
ENDEREZO

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				

 Referencia catastral da vivenda:

 Prezo de adquisición da vivenda: euros. Prezo da taxación da vivenda: euros.

 Porcentaxe do financiamento con garantía hipotecaria do prezo de compravenda ou do valor de taxación, o que fose menor: %
(valores entre o 80 % e o 100 %).

(Deberán excluírse os impostos ou taxas, directos ou indirectos, que graven as operacións de adquisición e financiamento da vivenda).

 CUALIFICACIÓN DA VIVENDA (No suposto de tratarse da adquisición dunha vivenda protexida)

- Vivenda de protección autonómica de réxime xeral.
- Vivenda de protección autonómica de réxime especial.
- Vivenda de protección autonómica de réxime concertado.

 DATA DE CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

 EXPEDIENTE DE CUALIFICACIÓN DEFINITIVA
NÚMERO DE PERSOAS ADQUIRENTES DA VIVENDA:

- A vivenda será adquirida unicamente pola persoa solicitante.
- A vivenda será adquirida en réxime de copropiedade por persoas⁽¹⁾ e a porcentaxe de adquisición que corresponde á persoa solicitante é de % da vivenda.

(1) Deberá indicar o número de persoas adquirentes da vivenda, incluída a persoa solicitante.

DATOS DAS DEMAIS PERSOAS ADQUIRENTES DA VIVENDA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

 PORCENTAXE DE ADQUISICIÓN
 %

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

 PORCENTAXE DE ADQUISICIÓN
 %


**ANEXO III
(continuación)****A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa da súa unidade de convivencia:

- Non solicitou nin obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente calquera outra subvención lle sexa concedida á persoa solicitante ou a calquera das persoas integrantes da súa unidade de convivencia para a mesma finalidade.

2. Que a vivenda que se pretende adquirir vai ser a súa primeira vivenda en propiedade, así como, de ser o caso, das demais persoas que adquiren a vivenda.
3. Que a vivenda vai constituir a súa residencia habitual e permanente, así como a das persoas que integran a súa unidade de convivencia durante, polo menos, todo o período en que estea vixente a garantía.
4. Que nin a persoa solicitante nin as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia é propietaria e/ou usufrutuaria dunha vivenda situada en España, agás os supostos exceptuados no punto tres do ordinal quinto da resolución de convocatoria.
5. Que todos os datos contidos nesta solicitude son certos.




**ANEXO III
(continuación)**
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/>	Informe favorable da entidade financeira de autorización da operación de financiamento hipotecario para o suposto de que á/ás persoa/s solicitante/s se lle conceda o aval.			
<input type="checkbox"/>	Anexo IV, de comprobación de datos das demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa.			
<input type="checkbox"/>	Anexo V, de declaración responsable da persoa solicitante e das demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa, no caso de non estaren obrigadas a presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, xunto coa seguinte documentación:			
<input type="checkbox"/>	Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio.			
<input type="checkbox"/>	Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social.			
<input type="checkbox"/>	Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.			
<input type="checkbox"/>	No caso de que a/as persoa/s solicitante/s sexan propietarias ou usufrutuarías dalgũa vivenda en territorio español e non poidan dispoñer dela:			
<input type="checkbox"/>	Convenio regulador de separación ou divorcio ou sentenza que acredite dita circunstancia, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/>	Documentación que acredite que a/as persoa/s adquirentes non poden habitar a vivenda por calquera outra causa allea á súa vontade, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/>	Informe técnico que xustifique a inaccesibilidade da vivenda por razón da discapacidade da persoa titular e/ou dalgún membro da súa unidade de convivencia, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa de que foi obtida por herdanza ou transmisión <i>mortis causa</i> , no caso de que a persoa solicitante ou as demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa, sexan propietarias ou usufrutuarías da parte alicuota dunha vivenda en España.			
<input type="checkbox"/>	Certificado de discapacidade, no suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia, no suposto de vivenda inaccesible por razóns de discapacidade dalgún membro da unidade de convivencia.			
		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante, de ser o caso.			



COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificación de titularidade de bens inmobles da Dirección Xeral do Catastro	<input type="checkbox"/>
Consulta de datos de residencia con data da última variación padroal	<input type="checkbox"/>
MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
<input type="checkbox"/> Consulta de prestacións e datos económicos da Tarxeta Social Dixital, da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia da consellería competente en materia de política social	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado dos importes das prestacións de desemprego percibidos	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Consulta de datos de residencia legal de persoas estranxeiras	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificado da renda (IRPF)	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego da Vivenda e Solo.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPDI, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)



**ANEXO III
(continuación)****LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.
- Resolución do 17 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de avais para a adquisición de vivenda, se dá publicidade ao convenio a asinar entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e as entidades financeiras para a súa concesión e se procede á convocatoria do programa para o ano 2025 (código de procedemento VI402B).
- Resolución do 25 de febreiro de 2026 pola que se convoca o Programa de avais para a adquisición de vivenda, e se dá publicidade ao convenio que se asinará entre este instituto e as entidades financeiras para a súa concesión para a anualidade 2026 (código de procedemento VI402B).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de **Xacobeo  2027**

Instituto Galego da Vivenda e Solo





ANEXO IV

COMPROBACIÓN DE DATOS DAS DE MAIS PERSOAS ADQUIRENTES
VI402B - PROGRAMA "AVAIS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA"
(no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa)

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	DATA DE NACEMENTO	COMPROBACIÓN DE DATOS		SINATURA
			Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas	OPÓÑOME Á CONSULTA	
			DNI/NIE	<input type="checkbox"/>	
			Certificación de titularidade de bens inmobles da Dirección Xeral do Catastro	<input type="checkbox"/>	
			Consulta de datos de residencia con data da última variación padroal	<input type="checkbox"/>	
			CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN		
			<input type="checkbox"/> Consulta de prestacións e datos económicos da Tarxeta Social Dixital	<input type="checkbox"/>	
			<input type="checkbox"/> Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia	<input type="checkbox"/>	
			<input type="checkbox"/> Certificado dos importes das prestacións de desemprego percibidos	<input type="checkbox"/>	
			<input type="checkbox"/> Consulta de datos de residencia legal de persoas estranxeiras	<input type="checkbox"/>	
			<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>	
			CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS		
			De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente		
			Certificado da renda (IRPF)	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	





ANEXO IV (continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego da Vivenda e Solo.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Lugar e data

, de de



Instituto Galego da Vivenda e Solo




 INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INGRESOS DA PERSOA SOLICITANTE E DAS DEMAIS PERSOAS ADQUIRENTES

V402B - PROGRAMA AVAIS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA

(No suposto de non estaren obrigadas a presentar declaración do IRPF)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE		
IDENTIFICACIÓN		
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)		
IDENTIFICACIÓN		
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:					
1. Que non realizou a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao ano correspondente ao período impositivo con prazo de presentación vencido na data da solicitude por non estar obrigado/a, en aplicación da normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).					
2. Que, sen incluír as persoas que presentaron a correspondente declaración do IRPF, durante o citado ano foron os seguintes:					
NOME E APELIDOS	NIF	CALIDADE PARA OS EFECTOS DESTA DECLARACIÓN	IMPORTE ÍNTEGRO INGRESOS ANUAIS	PROCEDENCIA DOS INGRESOS (1) (Prestacións, rendas do traballo, rendementos do capital mobiliario,...)	ESPECIFICAR TIPO DE PRESTACIÓN, SUBSIDIO OU PENSIÓN (Ex RISGA, RAI, ORFANIDADE, VIUVEZ...)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	PERSOA SOLICITANTE	<input type="text"/>	Rendas do traballo ou profesionais	<input type="text"/>
			<input type="text"/>	Prestacións, subsidio ou pensións	<input type="text"/>
			<input type="text"/>	Rendas do capital e alugamento	<input type="text"/>
			<input type="text"/>	TOTAL 1	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	OUTRA PERSOA ADQUIRENTE	<input type="text"/>	Rendas do traballo ou profesionais	<input type="text"/>
			<input type="text"/>	Prestacións, subsidio ou pensións	<input type="text"/>
			<input type="text"/>	Rendas do capital e alugamento	<input type="text"/>
			<input type="text"/>	TOTAL 2	<input type="text"/>

CVE-DOG: 2b9f3q8-ylo5-ypo2-k7y7-lxx999njutq8


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO****ANEXO V
(continuación)****A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)****TOTAL DE INGRESOS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA**

(1) Rendos do traballo ou de actividade profesional, prestacións (pensións, prestacións, subsidios, etc.) e rendos do capital (xuros bancarios, alugamento, etc.)

3. Que a suma de ingresos económicos, por todos os conceptos, das persoas declarante e demais adquirentes durante o citado ano é a seguinte:

INGRESOS TOTAIS DURANTE O ANO (SUMA DAS CANTIDADES INDICADAS NO RECADRO DO PUNTO 2)	
RETENCIÓN A CONTA DO IRPF	
COTAS Á SEGURIDADE SOCIAL OU MUTUALIDADES	

4. Todos os datos contidos nesta declaración son certos e exactos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio.			
<input type="checkbox"/> Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non seren outorgadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).			
<input type="checkbox"/> Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.			

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de **Xacobeo  2027**

Instituto Galego da Vivenda e Solo

CVE-DOG: 2b9f3qj8-ylo5-yo2-k7y7-lxx999njutq8

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>